

CONVOCATORIA DUNHA XORNADA DE MOBILIZACIÓN NACIONAL POR PALESTINA

Compostela a 7 de Xaneiro de 2009 --A petición de varias persoas, grupos políticos, sociais, sindicais e culturais asistentes ás mobilizacións contra a agresión sionista ao pobo palestino de Gaza, **Galiza por Palestina** convocou a todos os colectivos e persoas interesadas a unha xunta o mércores, día 7 de xaneiro, ás 19'00 horas na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela.

Asistiron e apoian particulares ademais de representantes das principais asociacións, partidos e sindicatos galegos; entre eles:

ACSUR Galicia; ADIANTE; Asemblea Republicana de Vigo; Asoc. Francisco Villamil; ATURUXO / A Ghentalha do Pichel; BNG; BRIGA; CIG; Comité Defensa das Rías Altas; Comités; Corrente Vermella; Cosal – Coruña; COSAL – Santiago; CUT; DSI; Esquerda Unida; Esquerda Unida-Vigo; FPG; Fuco Buxán; Fundación Araganey; GALIZÁ NOVA; ISCA!; MARCHA MUNDIAL DAS MULHERES; Movemento pola Base; Mundo Sen Guerras; NÓS-UNIDADE POPULAR; Partido Comunista dos Pobos de España/ Colectivo dos mozos comunistas; Partido Humanista; PCPG; Plataforma Alternativa – Lugo; Plataforma de Lugo; Socialismo Libertario; Solidariedade Internacional de Galicia; Viraventos.

Acordouse unificar todas as concentracións locais nun mesmo día: Unha Xornada Nacional de Mobilización por Palestina o Sábado 10 de Xaneiro, ás 20.30h nas principais cidades e vilas galegas.

No caso de teren convocada outra data, manterase debido á urxencia da convocatoria.

MOBILIZACIÓNS CONFIRMADAS:

VENRES, DÍA 9 DE XANEIRO,

FERROL: Concentración / **20:00** h. / Edificio de Xunta de Galicia, Praza Amada García.

PONTEDEUME: Concentración / **20:00** horas

AS PONTES: Concentración / **19:00** h. / Praza do Hospital.

PONFERRADA: Concentración / **20:00** h. / Praza do Concello

SÁBADO, 10 DE XANEIRO.

CANGAS: Concentración / **20:00** h. / Praza do Concello

A ESTRADA: Concentración / **20:30** h. / Praza do Concello

PONTEAREAS: Concentración / **13:00** h. / diante do Concello.

VIGO: Manifestación / **18:00** h. / De O Cruce da Via Norte con Urzáiz, á Porta do Sol

PONTEVEDRA: Manifestación Unitaria / **20:00** horas / Praza da Ferrería.

Compostela: Manifestación / **20:00** h. / Da Praza do Tournal, á Praza do Obradoiro.

A CORUÑA: Concentración / **20:30** h. / Obelisco, Cantóns.

Concentracións abertas a tódalas organización, chamamos a poboación galega a sumarse.

O lema da marcha será:

GA LI ZA CON PALESTINA. NON Á MASACRE!

Actualización das convocatorias en <http://galizaporpalestina.blogspot.com/>

Comunicado para a Xornada Nacional de Mobilización por Palestina (10/01/09)

As persoas participantes nesta concentración queren manifestar o seu rexeitamento máis categórico aos ataques cometidos contra o pobo palestino, e a súa solidariedade total e o seu apoio ca causa palestina.

Chamamos ao pobo galego a sumarse á protesta.

No 2006, Israel, os EEUU, a UE e algúns gobernos árabes, especialmente a ditadura exipcia, non respectaron a decisión dun pobo cando estes estados presumen de ser países democráticos, dende entón Israel, aproveitándose da complicidade dos EEUU, mantén un cruel embargo sobre a Faixa con tráxicas consecuencias para a poboación, mentindo descaradamente cando responsabilizan a Hamás do ataque e da ruptura da tregua.

Foi Israel, quen en ningún momento respectou a tregua; asasinando a máis de...700.....palestinos, entre eles mulleres e nenos, bombardeando hospitais, escolas e barrios civís coa escusa de buscar militantes de Hamás, cando é sabido que Israel dispón de satélites de alta tecnoloxía para a identificación de individuais.

Israel mantén unha política de campos de concentración, co obxectivo manifesto de ter controlada unha poboación, a palestina, ocupar territorios, roubar os seus escasos recursos naturais e destruír infraestruturas; casas; hospitais; centros sociais e culturais, sen respectar o Dereito Internacional nin as bandeiras da ONU.

Queremos denunciar a complicidade do estado español que xunto coa UE, toma parte por Israel, ao acusar ás vítimas da acción dos verdugos. Alén do máis, o goberno do PSOE é cómplice activo ao venderlle ao exército israelí moitas das armas que está a usar.

Esiximos que:

Se impulsen políticas activas de solidariedade en favor de Palestina.

Se deteñan tódolos ataques e bombardeos.

Abran as fronteiras para as axudas humanitarias, especialmente en Rafah, xa que dende o 2006 nin o 10% das axudas enviadas á Faixa de Gaza puideron pasar.

A ONU lle outorgue a tódolos representantes lexítimos palestinos, incluíndo Hamás, a oportunidade de sentarse a mesa do diálogo ao igual que Israel.

O goberno de ZP rompa as relacións diplomáticas e comerciais con Israel.

A Xunta de Galiza se pronuncie contra Israel e en favor do pobo palestino.

Se denuncie a venda de armas.

Se promova o boicot aos produtos israelís e daquelas empresas que manteñan relacións comerciais con eles.

Os medios de comunicación e a prensa internacional sexan neutrais.

ALTO AOS ATAQUES EN PALESTINA

SOLIDARIEDADE TOTAL CO POBO PALESTINO

GALIZA CONTRA A AGRESIÓN